

## Domingo despois de Pentecostés

# SOLEMNIDADE DA SANTÍSIMA TRINDADE

### PRIMEIRA LECTURA

### **O Señor é Deus no alto dos ceos e no profundo da terra, e non hai outro máis ca El**

Lectura do libro do Deuteronomio 4, 32-34. 39-40

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle:

—«Pregúntalles ós tempos antigos, que houbo antes de ti desde o día en que Deus creou a humanidade sobre a terra, e desde un cabo do ceo ata o outro cabo do ceo: ¿Houbo algo tan grande coma isto ou oíuse algo semellante? ¿Escoitou algún pobo a voz de Deus falándolle desde o medio do lume, tal coma ti a escoitaches, e seguiches vivindo? ¿Ou intentou algún deus vir coller para si unha nación do medio doutros pobos, con castigos, con sinais e prodixios, con guerra, con man forte e brazo estendido, con terrores grandes, de maneira semellante a todo o que o Señor, o voso Deus, fixo no voso favor en Exipto os teus propios olíos?

Recoñéceo hoxe e dálle voltas no teu corazón: o Señor é Deus, arriba no ceo e abaixo na terra, e que non hai outro.

Garda os seus mandatos e leis que eu mando hoxe: serache bo para ti e para os teus fillos despois de ti, e alongara-los teus días sobre a terra que o Señor, o teu Deus, che vai dar para sempre.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial** Sal 32, 4-5. 6 e 9. 18-19. 20 e 22 (R.: 12b)

**R.:** Feliz o pobo a quen Deus escolleu como herdade.

A palabra do Señor é recta  
e tódalas súas obras son leáis:  
el ama o dereito e a xustiza,  
a súa misericordia enche a terra. **R.**

A palabra do Señor fixo os ceos,  
o alento da súa boca os astros todos,  
pois El falou, e todo existiu,  
El mandouno, e todo xurdiu. **R.**

Os ollos do Señor están postos nos que o temen,  
nos que esperan na súa misericordia,  
para libra-las súas vidas da morte,  
para os manter no tempo da miseria. **R.**

Nos agardámo-lo Señor:  
El é o noso socorro, o noso escudo.  
Veña a nos, Señor, a túa misericordia,  
como de ti o esperamos. **R.**

## **SEGUNDA LECTURA**

**Recibíste-lo Espírito de fillos de adopción, no que clamamos: Abba, Pai**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo os Romanos 8, 14-17

Irmáns:

Cantos se deixan guiar polo Espírito de Deus, eses son fillos de Deus. Pois non recibistes un espírito de escravitude, para volverdes ó temor. Non.

Vos recibistes un espírito de fillos adoptivos, gracias ó que podemos gritar:

¡«Abbá»: Pai!

Este mesmo Espírito, xuntamente co noso, da testemuño de que somos fillos de Deus. E, se fillos, tamén herdeiros: herdeiros de Deus e coherdeiros con Cristo; se padecemos con el, é para sermos tamén glorificados con el.

Palabra do Señor.

**Aleluia Cf. Ap 1, 8**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Gloria ó Pai e ó Filio e ó Espírito Santo,  
ó Deus que é, e que era, e que vira.

Aleluia.

### **EVANXEO**

#### **Bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo **28, 16-20**

Naquel tempo, os once discípulos foron a Galilea, ó monte onde Xesús os citara.  
Vendo a Xesús, prostráronse perante el, anque algúns dubidaban.

Entón acercouse Xesús e díxolles:

—«Déuseme todo poder no ceo e mais na terra. Ide, pois, e facede discípulos  
meus a tódolos pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito  
Santo, ensinándolles a gardar canto vos mandei.

Asegúrovos que eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.»

Palabra do Señor.

## Domingo despois da festa da Stma. Trindade

# SOLEMNIDADE DO SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO

### PRIMEIRA LECTURA

### **Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco**

Lectura do libro do Éxodo 24, 3-8

Naqueles días, Moisés veu e expúxolle ó pobo tódalas palabras e os mandatos do Señor; e o pobo a unha respondeu:

—«Faremos todo o que dixo o Señor.»

Moisés puxo por escrito tódalas palabras do Señor.

Ó día seguinte, Moisés ergueuse cedo, construíu un altar na aba da montaña e chantou doce estelas, polas doce tribos de Israel.

Despois mandou a algúns mozos israelitas que ofrecesen holocaustos e sacrificios de comunión ó Señor. Moisés colleu a metade do sangue e botouna en recipientes, e a outra metade verteuna no altar.

Despois colleu o libro da alianza e leullo en voz alta ó pobo. Este respondeu:

—«Faremos todo o que dixo o Señor e obedeceremos.»

Entón colleu Moisés o sangue e asperxiu o pobo con el, dicindo:

—«Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco, conforme as palabras lidas.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 115, 12-13. 15 e 16bc. 17-18 (R.: 13)**

**R.:** Alzarei a copa da salvación, invocando o nome do Señor.

Ou: Aleluia.

¿Con que lle pagarei ó Señor  
todo o ben que me fixo?  
Alzarei a copa da salvación,  
invocando o nome do Señor. **R.**

É preciosa ós ollos do Señor  
a morte dos seus amigos.  
Señor, eu son o teu servo,  
servo teu e fillo da túa serva:  
ti rompíche-las miñas cadeas! **R.**

Ofrecereiche un sacrificio de loanza,  
invocando o nome do Señor.  
Cumprerei os meus votos ó Señor,  
á vista de todo o seu pobo. **R.**

## **SEGUNDA LECTURA**

### **O sangue de Cristo limpará a nosa conciencia**

Lectura da carta os Hebreos **9, 11-15**

Irmáns:

Ó presentarse Cristo como Sumo Sacerdote dos auténticos bens, entrando a través dunha tenda-santuario maior e máis perfecta, non de feitío humano, isto é, non deste mundo, e ofrendando o seu propio sangue, non o sangue de carneiros ou de becerros, entrou dunha vez para sempre no santuario e, deste xeito, conseguiu unha redención definitiva.

Porque se o sangue de carneiros e de touros e a aspersion da cinsa dunha xovenca consagra os impuros, dándolles unha pureza corporal, moito máis o sangue de Cristo (que movido polo Espírito que animou toda a súa vida, se ofreceu a si mesmo a Deus, como vítima sen mancha) limpará a vosa conciencia das obras de morte, para así servírmo-lo Deus vivo.

Por iso é mediador dunha nova alianza, pois morreu para redimir dos pecados cometidos baixo a primeira alianza, a fin de que os chamados á herdanza eterna, poidan recibilo cumprimento desta promesa.

Palabra do Señor.

**Ad libitum:** Lauda, Sion, Salvatorem:

## SECUENCIA

Loémo-lo Salvador,  
o noso guía e pastor,  
cun cantar afervoadado.

Loémolo xenerosos,  
pois don tan marabilloso  
nunca o daremos loado.

A razón de tal loanza,  
o pan vivo no que alcanza  
o pobo gozosa vida.

Os doce en leda irmandade  
fora entregado en verdade  
na cea de despedida.

Ampla e sonora cantiga:  
que fale a alma e bendiga  
con indecible ledicia.

Hoxe é a recordación  
da primeira institución  
desta mesa sen malicia.

Na mesa do novo Rei,  
nova Pascua, nova lei,  
o tempo vello termina.

O novo vence ó que é vello,  
a verdade ó seu espello,  
e a luz a noite ilumina.

Cristo mándanos facer  
na súa memoria e querer  
o que na Cea el fixera.

Seguindo no seu camiño  
consagramos pan e vino  
cal hostia de amor sincera.

Dogma para o pobo cristián:  
en carne tórnase o pan  
e o vino faise sangue.

A fe confirme animosa  
o que a razón pretenciosa  
non entende nin abrangue.

Baixo unha humilde aparencia  
de signos, late a presenza  
de cousas marabillosas.

Mantenza a carne, e bebida  
o sangue, Cristo todo vida  
en cada parte gozosa.

Quen o come, toma enteiro  
o seu corpo sobranceiro  
non diviso nin rompido.

Come un e comen mil,  
tanto este coma aquil,  
e non se da consumido.

Os bos e os malos o comen,  
con dispar sorte o consomen:  
lance de vida ou de morte.

Morte ó malo, vida ó bo,  
única mesa de unión  
pero moi distinta sorte.

Partido xa o sacramento,  
non dubides, olla atento  
que tanto encerra o fragmento  
coma todo o corpo enteiro.

Non hai no fondo fisura,  
so o signo se fractura,  
nin o amor nin a feitura  
revé do que é verdadeiro.

O pan dos anxos foi feito  
de camiñantes proveito;  
pan para os fillos é feito,  
que non para darlle os cans.

En símbolos presignado:  
con Isaac inmolado,  
año pascual ofrendado,  
para os antergos maná.

Bo pastor, pan sobranceiro,  
pan para o pobo esmoleiro,  
mantennos e sé o guieiro  
que nos conduza certo  
ata as fontelas da vida.

Ti, Señor de canto hai,  
que termas de nos, mortais,  
fáino-los teus comensais  
coas multitudes triunfais  
na mesa en ti compartida. Amén.

**Ou, máis breve:** Ecce pañis:

O pan dos anxos foi feito  
de camiñantes proveito;  
pan para os fillos é feito,  
que non para darlle os cans.

En símbolos presignado:  
con Isaac inmolado,  
año pascual ofrendado,  
para os antergos maná.

Bo pastor, pan sobranceiro,  
pan para o pobo esmoleiro,  
mantennos e sé o guieiro  
que nos conduza certo  
ata as fontelas da vida.

Ti, Señor de canto hai,  
que termas de nos, mortais,  
fáino-los teus comensais  
coas multitudes triunfais  
na mesa en ti compartida. Amén.



**Aleluia Xn 6, 51**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Eu son o pan vivo, que descendín do ceo, di o Señor;  
quen coma deste pan, vivirá eternamente.

Aleluia.

**EVANXEO**

**Isto é o meu corpo. Isto é o meu sangue**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Marcos 14, 12-16. 22-26

No primeiro día da festa dos Ácimos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle a Xesús os seus discípulos:

—«¿Onde queres que vaíamos preparar, para comére-la Cea Pascual?».

El mandou a dous discípulos, dicíndolles:

—«Ide á cidade, e havos saír ó paso un home cunha sella de auga; seguídeo, e onde entre, dicídelle ó dono da casa: "O Mestre di: ¿Onde está a miña sala, na que vou come-la Pascua cos meus discípulos?" El havos mostrar no sobrado unha gran sala, xa disposta e arranxada. Preparade alí para nos.»

Marcharon os discípulos e chegaron á cidade. Atoparon todo como llelo el dixera e prepararon a Pascua.

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, rezou a bendición, partiuno e déullelo, dicindo:

—«Tomade, isto é o meu corpo.»

Despois colleu un cáliz, deu gracias, pasóullelo, e todos beberon del.

E díxolles:

—«Isto é o meu sangue da Alianza, que se vai verter por moitos. Dígovolo de verdade: Xa non vou beber do produto da viña ata o día aquel en que o hei beber novo no Reino de Deus.»

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

Palabra do Señor.

Venres do segundo domingo despois de Pentecostés

# SOLEMNIDADE DO SACRATÍSIMO CORAZÓN DE XESÚS

## PRIMEIRA LECTURA

### **O meu corazón revólvese contra min**

Lectura do libro de Oseas 11, 1. 3-4. 8c-9

Así fala o Señor:

«Cando Israel era escravo, eu ameino, e de Exipto chamei os seus fillos.

Pero eu ensináralle a Efraím a camiñar, tíñao collido nos meus brazos, e non quería saber que eu era o seu médico.

Coas cordas das miñas mans acollinos, con brazos de amor, e fun para eles coma quen lles levanta o xugo do pescozo, ligueinos a min e dáballes de comer. O meu corazón revólvese contra min, ó mesmo tempo que a miña compaixón se conmove.

Non provocarei o incendio da miña ira, non volverei destruír a Efraím, pois son Deus, e non un home, o Santo no medio de ti: non te volverei destruír.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial** Is 12, 2-3. 4bcd. 5-6 (R.: 3)

**R.:** Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación.

Deus é a miña salvación,  
procederei confiadamente e non terei medo. .  
A miña forza e o meu cántico é o Señor,  
el é a miña salvación.  
Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación. **R.**

Dádelle gracias ó Señor e invocade o seu nome.  
Pregoades entre os pobos os seus feitos,  
proclamade que o seu nome é grande. **R.**

Cantádelle ó Señor,  
que fixo cousas magníficas,  
anunciádeas en toda a terra.  
Clamade con gozo e ledicia, habitantes de Sión:  
«Que grande é no medio de ti o Santo de Israel.» **R.**

## **SEGUNDA LECTURA**

### **Comprende-lo amor de Cristo que supera todo coñecemento**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo os Efesios **3, 8-12. 14-19**

Irmáns:

A min, o máis cativo de tódolos crentes, concedéuseme o honor de anunciarlles os xentís a inimaxinable riqueza de Cristo e amosarlles a todos a realización do misterio escondido desde sempre en Deus, o creador de tódalas cousas.

Así, por medio da Igrexa, dáselles a coñecer nos ceos a principados e potestades a riqueza de formas da sabedoría de Deus, contidas no designio eterno que realizou en Cristo Xesús, noso Señor.

Gracias a El e pola fe nel temos acceso libre e confiado onda Deus.

Por esta razón axeónllome perante o Pai, de quen toma nome toda paternidade no ceo e mais na terra, para que vos conceda —segundo a riqueza da súa gloria—, que se robusteza poderosamente en vos o home interior por medio do seu Espírito; que Cristo habite pola fe nos vosos corazóns enraizados e baseados no amor, de xeito que poidades comprender, con todo o pobo crente, o ancho, o longo, o alto e o profundo que é o amor de Cristo, que supera todo coñecemento; e así quededes cheos, para avanzar cara á plenitude de Deus.

Palabra do Señor.

**Aleluia Mt 11, 29ab**

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Cargade co meu xugo, di o Señor,  
e aprendede de min que son bo e humilde de corazón.

Aleluia.

**Ou: 1 Xn 4, 10b**

Aleluia, aleluia.

Deus amounos e mandou o seu Fillo  
para que expiase os nosos pecados.

Aleluia.

## **EVANXEO**

### **Do seu corazón aberto saíu sangue e auga**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 19, 31-37

Naquel tempo, os xudeus, como era o Día da Preparación, para que non permanecesen os corpos na cruz durante o sábado —pois era grande aquel día de sábado—, rogáronlle a Pilato que lles rompesen as pernas e os retirasen. Viñeron, logo, os soldados, e rompéronlle-las pernas ó primeiro e mais ó outro que crucificaran con el. Pero ó chegaren onda Xesús, como o viron xa morto, non lle romperon as pernas, senón que un dos soldados lle traspasou o costado cunha lanza; e no instante saíu sangue e auga.

Quen o viu, da testemuño e o seu testemuño é verdadeiro; el sabe que di a verdade, para que tamén vos creades.

Porque isto aconteceu para que se cumprise a Escritura: «Non lle crebarán oso ningún.» E noutro lugar di: «Han mirar para quen traspasaron.»

Palabra do Señor.